

A lagoa de Mera converteuse nun lugar de refuxio e descanso para multitude de aves

Este pequeno paseo que nos leva arredor da lagoa permítenos descubrir con comodidade as aves que alberga. A maioría das que aquí habitan, como os cisnes mudos e outros patos e gansos, proceden de soltas e son, polo tanto, animais semidomésticos.

Pero a lagoa de Mera tamén acolle unha interesante comunidade de aves acuáticas salvaxes.



Gaiyota patiamarela

O centro da lagoa normalmente está ocupado por **gaiyotas patiamarelas** e por **corvos mariños grandes**. Estes últimos acostuman estar pescando ou reposando, coas súas ás abertas a secar, nas estacas que asoman sobre a auga.



Lavanco

As **galiñolas** e os **lavancos** adoitan estar ocultos na vexetación da ribeira ou nadando nas zonas menos profundas para poder acceder con facilidade ao seu alimento. En ocasións durante o inverno visitan este espazo outras aves acuáticas como o **pato rabilongo**, o **mergullón pequeno** ou a **galiñola negra**.



Mergullón pequeno




Bilurico das rochas


Na beira camiña co seu incesante balanceo o **bilurico das rochas**, mentres algunha **garza real** permanece inmóbil á espera dalgunha presa.



Garza real



Corvo mariño



Picapeixe

En inverno é habitual o **picapeixe** que, a xeito de frecha azulada, cruza velozmente a lagoa.

Para observar as aves é recomendable facelo desde esta beira da lagoa, xa que no caso de aproximarnos desde a zona do parque, probablemente provocaremos a fuxida das gaiyotas e lavancos que reposan tranquilamente neste espazo.